

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 02/12/2016.**

**Concelleiros presentes:**

D. Secundino García Casal.  
D<sup>a</sup> Sabela Iñiguez Cinza.  
D. Manuel Varela Mecías.  
D<sup>a</sup> María Amparo Calvo González.  
D. Jesús Manuel Soto Vivero.  
D. Manuel Beceiro Couce.  
D<sup>a</sup> Ana Belén Breijo Gundín.  
D. Manuel Romero Castrillón.  
D<sup>a</sup> María Belén Trigo Meizoso.  
D. Eduardo Lourido Doval.

**Concelleiros ausentes:**

D<sup>a</sup> Silvia Fernández Muiño.

**Secretario:**

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as trece horas e catorce minutos do día dous de decembro de dous mil dezaséis, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e no Regulamento Orgánico deste Concello.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día oito de novembro do presente ano dous mil dezaséis. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

**SEGUNDO. TOMA DE RAZÓN E RATIFICACIÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓN.**

Dase conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión do pasado día 11/11/16, polo que, a instancia da dirección do Centro Público Integrado San Sadurniño, ratifícase como representante do Concello no Consello Escolar á concelleira Sabela Iñiguez Cinza, elixida polo Pleno ó inicio desta lexislatura.

Dase conta tamén de que, en aplicación do indicado na Resolución da Alcaldía do 04/11/16, e diante da baixa do tesoureiro municipal, as funcións de tesoureiría e de coordinación de contabilidade serán desempeñadas temporalmente polo Secretario-Interventor.

A Corporación queda enterada e conforme co contido deses acordos.

### TERCEIRO. APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA E COMPROMISOS MUNICIPAIS PARA CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Dase conta do proxecto redactado polo enxeñeiro Igor Vergara Otero para a execución da obra de "Aglomerado e formación de beirarrúas no camiño do Inxerto", camiño de titularidade do Concello como parte integrante da rede viaria pública municipal. Ese proxecto ten un presuposto base de licitación de 125.711,93 euros.

A obra realizarase, segundo o que se prevé incluír no presuposto do Concello para 2017, mediante convenio que se proxecta asinar coa Deputación Provincial da Coruña nesa vindeira anualidade. Obra no expediente solicitude de aportación de documentación recibida a tal finalidade do servizo de Xestión de Plan da Deputación.

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda:

1º.- Aprobado o proxecto redactado polo enxeñeiro Igor Vergara Otero para a execución das obras de "Aglomerado e formación de beirarrúas no camiño do Inxerto", que ten un presuposto base de licitación de 125.711,93 euros.

2º.- Declarar que o Concello dispón da totalidade das licencias ou autorizacións necesarias para a execución das obras comprendidas no referido proxecto.

3º.- Aprobado o programa de traballo no que se indican as datas previstas para a adxudicación, execución e xustificación das obras de que se trata.

4º.- Formular compromiso de inclusión no orzamento do Concello para 2017, actualmente en elaboración, das cantidades necesarias para a financiación da execución das obras de que se trata.

5º.- Declarar que o Concello non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda ou subvención para a financiación das obras de "Aglomerado e formación de beirarrúas no camiño do Inxerto".

6º.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña para a obtención telemática dos certificados acreditativos de que o Concello se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e provincial e coa Seguridade Social.

7º.- Ordear a remisión de certificación do presente acordo, xunto co resto da documentación necesaria para a sinatura do referido convenio, á Deputación Provincial da Coruña.

#### CUARTO. RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN.

Dase conta do recurso de reposición presentado con data do 04/11/16, rexistro de entrada nº 1999, contra Resolución do 30/09/16 da Alcaldía, pola que se anuncia a aprobación definitiva do expediente de modificación da plantilla de persoal. Dase conta da proposta de resolución dese recurso formulada pola Alcaldía con data do 29/11/16 e que xa coñecen os membros da corporación, que literalmente di:

*“Visto o recurso de reposición interposto por José Ramón Villalibre Fernandez en nome e representación da Unión Provincial da Coruña da Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSI-F) contra a aprobación definitiva do expediente de modificación do cadro de persoal funcionario do Concello de San Sadurniño iniciado por acordo do seu pleno de 11 de agosto de 2016, con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello o 4 de novembro de 2016 (rexistro de entrada 1999), e atendendo aos seguintes*

#### **ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.-** *A relación de postos de traballo (RPT) deste Concello foi aprobada por acordo do seu pleno de 27 de novembro de 2009. Logo do período de exposición pública, a aprobación definitiva da RPT foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 46, de 10 de marzo de 2010. Dende a súa aprobación definitiva, esta RPT non foi modificada.*

**SEGUNDO.-** *Por acordo do Pleno deste Concello de 11 de agosto de 2016 acordouse de xeito inicial modificar o cadro de persoal funcionario do Concello para o exercicio 2016 para crear unha praza de administrativo, grupo C1.*

**TERCEIRO.-** *O anuncio da aprobación inicial da modificación do cadro de persoal funcionario do Concello para o exercicio 2016 permaneceu exposto ó público na Intervención municipal durante o prazo de 15 días hábiles, contados dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 169, de 29 de agosto de 2016, e no taboleiro de anuncios do Concello.*

**CUARTO.-** *Rematado o prazo anterior sen que se formulasen alegacións nin reclamacións de ningún tipo, o expediente de modificación do cadro de persoal funcionario do Concello para o exercicio 2016 considérase aprobado de xeito definitivo, de conformidade co disposto no artigo 169 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.*

*A aprobación definitiva da referida modificación do cadro de persoal foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 191, de 6 de outubro de 2016.*

**QUINTO.-** *Con data 4 de novembro de 2016 ten entrada no rexistro do Concello escrito da Unión Provincial da Coruña da Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSI-F) polo que se interpón recurso de reposición contra a aprobación definitiva do expediente de modificación do cadro de persoal funcionario do Concello iniciado por acordo do seu pleno de 11 de agosto de 2016.*

*Aos anteriores antecedentes resultan de aplicación os seguintes*

#### **ALICERCES XURÍDICOS**

**PRIMEIRO.- ADMISIBILIDADE DO RECURSO**

**1.-** *Consonte ao disposto no artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), os acordos do Pleno poñen fin á vía administrativa e contra eles poderá interporse recurso potestativo de reposición.*

**2.-** *O sindicato recorrente ten a condición de interesado para interpor o recurso de acordo co establecido no artigo 33.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).*

**3.-** *O recurso foi interposto o 4 de novembro de 2016, dentro do prazo dun mes dende a data de publicación da aprobación definitiva do expediente de modificación do cadro de persoal funcionario do Concello no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 191, de 6 de outubro de 2016.*

**4.-** *Xa que logo, o recurso é admisible ao cumprir co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)*

#### **SEGUNDO.- ALEGACIÓNS DO RECURRENTE**

*No seu recurso de reposición, a CSI-F alega que no devandito expediente de modificación do cadro de persoal funcionario non se respectou a negociación esixida no artigo 37 do EBEP. En concreto, entende o sindicato que este Concello incumpriu a súa obriga de convocar á CSI-F, como único sindicato que representa ao persoal funcionario, á unha mesa de negociación con carácter previo á aprobación da modificación do cadro de persoal. Segundo se di, esta modificación afectaría presuntamente ás condicións de traballo dos empregados públicos do Concello e, polo tanto, a negociación era preceptiva.*

*Por tales motivos, a CSI-F solicita que se anule e se deixe sen efectos a aprobación definitiva do referido expediente de modificación do cadro de persoal funcionario.*

#### **TERCEIRO.- O RECURSO DEBE DESESTIMARSE. A MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO NIN É UNHA MATERIA SUXEITA A NEGOCIACIÓN NIN AFECTA ÁS CONDICIÓN DE TRABALLO DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DO CONCELLO**

**1.-** *O artigo 37 do EBEP dispón no seu apartado primeiro as materias obxecto de negociación nas mesas de negociación:*

*“1. Serán obxecto de negociación, en su ámbito respectivo y en relación con las competencias de cada Administración Pública y con el alcance que legalmente proceda en cada caso, las materias siguientes:*

*a) La aplicación del incremento de las retribuciones del personal al servicio de las Administraciones Públicas que se establezca en la Ley de Presupuestos Generales del Estado y de las comunidades autónomas.*

*b) La determinación y aplicación de las retribuciones complementarias de los funcionarios.*

*c) Las normas que fijen los criterios generales en materia de acceso, carrera, provisión, sistemas de clasificación de puestos de trabajo, y planes e instrumentos de planificación de recursos humanos.*

*d) Las normas que fijen los criterios y mecanismos generales en materia de evaluación del desempeño.*

*e) Los planes de Previsión Social Complementaria.*

*f) Los criterios generales de los planes y fondos para la formación y la promoción interna.*

- g) Los criterios generales para la determinación de prestaciones sociales y pensiones de clases pasivas.*
- h) Las propuestas sobre derechos sindicales y de participación.*
- i) Los criterios generales de acción social.*
- j) Las que así se establezcan en la normativa de prevención de riesgos laborales.*
- k) Las que afecten a las condiciones de trabajo y a las retribuciones de los funcionarios, cuya regulación exija norma con rango de ley.*
- l) Los criterios generales sobre ofertas de empleo público.*
- m) Las referidas a calendario laboral, horarios, jornadas, vacaciones, permisos, movilidad funcional y geográfica, así como los criterios generales sobre la planificación estratégica de los recursos humanos, en aquellos aspectos que afecten a condiciones de trabajo de los empleados públicos”.*

No seu apartado segundo, letra a), o artigo 37 do EBEP establece que quedan excluídas da obrigatoriedade da negociación:

*“Las decisiones de las Administraciones Públicas que afecten a sus potestades de organización.*

*Cuando las consecuencias de las decisiones de las Administraciones Públicas que afecten a sus potestades de organización tengan repercusión sobre condiciones de trabajo de los funcionarios públicos contempladas en el apartado anterior, procederá la negociación de dichas condiciones con las organizaciones sindicales a que se refiere este Estatuto”.*

**2.- É sabido que os cadros de persoal e as relacións de postos de traballo (RPT) dun Concello son conceptos distintos e diferenciados.** Así, o artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) distingue e regula separadamente ambos conceptos nos seus apartados primeiro e segundo:

*“1. Corresponde a cada Corporación local aprobar anualmente, a través del Presupuesto, la plantilla, que deberá comprender todos los puestos de trabajo reservados a funcionarios, personal laboral y eventual.*

*Las plantillas deberán responder a los principios de racionalidad, economía y eficiencia y establecerse de acuerdo con la ordenación general de la economía, sin que los gastos de personal puedan rebasar los límites que se fijen con carácter general.*

*2. Las Corporaciones locales formarán la relación de todos los puestos de trabajo existentes en su organización, en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública.*

*Corresponde al Estado establecer las normas con arreglo a las cuales hayan de confeccionarse las relaciones de puestos de trabajo, la descripción de puestos de trabajo tipo y las condiciones requeridas para su creación, así como las normas básicas de la carrera administrativa, especialmente por lo que se refiere a la promoción de los funcionarios a niveles y grupos superiores”.*

Partindo desta diferente regulación, a xurisprudencia ten aclarado, dunha banda, que **o cadro de persoal dun Concello é un instrumento de ordenación do persoal que se presenta como “una típica manifestación de la postestad organizatoria del Ayuntamiento a confeccionar a través del presupuesto”** (Sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo de 16 de novembro de 2001, recurso de casación 7185/1997). E doutra, que **as relacións de postos de**

**traballo dun Concello son actos administrativos a medio dos cales se asignan aos empregados públicos existentes na súa organización aos diferentes postos de traballo existentes nesa Administración pública**, de acordo co contido esixido pola normativa básica da función pública (Sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo de 5 de febreiro de 2014, recurso núm. 2986/2012).

**3.- Como se pode comprobar, a RPT é o acto administrativo que habitualmente contén os elementos que o artigo 37.1 do EBEP somete a negociación obrigatoria, mentres que o cadro de persoal é, consonte ao artigo 37.2 do EBEP, materia excluída da negociación obrigatoria por formar parte das potestades de organización da Administración.**

**Neste punto, cómpre aclarar que a propia xurisprudencia ten afirmado que a modificación dun cadro de persoal para engadir prazas de nova creación, en execución das devanditas potestades de autoorganización, non afecta ás condicións de traballo dos empregados dunha Administración, razón pola cal non é materia que deba ser obxecto de negociación obrigatoria. Así o ensina a Sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo de 9 de abril de 2014, recurso núm. 514/2013):**

**“DÉCIMO.-** Tras lo expuesto reputamos certero el alegato de la Corporación Local respecto a la individualidad de las plantillas respecto a las relaciones de puestos de trabajo.

Aquí no ha habido una modificación de plantilla y de relación de puestos de trabajo.

Solo se ha alterado la plantilla, como refleja la sentencia impugnada, consta en las actuaciones y en la propia argumentación de la Corporación local recurrente.

Nada dicen las partes pero es notorio, por su publicación en el BOJA de 17 de noviembre de 2009 que la relación de puestos de trabajo fue aprobada con anterioridad, 2 de noviembre de 2009, sin que conste impugnación alguna.

No ofrece duda que en el presupuesto controvertido en instancia el acto de aprobación de la plantilla presupuestaria y estructural, "crea, transforma (reclasifica plazas, individualiza plazas en procesos de reclasificación, cambia denominaciones) y amortiza plazas cuando queden vacantes tras el correspondiente proceso de reclasificación".

Si atendemos a lo que, más arriba hemos dicho, acerca de las plazas y los puestos de trabajo resulta patente que no son conceptos equivalentes.

Las condiciones de trabajo de cada puesto se fijan en las Relaciones de Puesto de Trabajo que indicaran las correspondientes retribuciones específicas mientras en las plantillas de personal se especifica la denominación de la plaza, su número, el Grupo o Escala, Subescala, clase y categoría, cuestiones que no se engarzan con el art. 37 EBEP.

Prosperan ambos motivos.

**UNDÉCIMO.-** Con arreglo al art. 95.2. d) LJCA procede resolver lo procedente.

El Sindicato actor en su demanda enumera las materias a), b), c), (ésta en negrilla con subrayado de provisión), k), l) y m) del art. 37.1. EBEP en apoyo de su pretensión por lo que sostiene se produce causa de nulidad según lo establecido en el art. 62.1 LRJAPAC.

Mas tras lo vertido en los razonamientos anteriores hemos de concluir en la innecesariedad del proceso negociador en la amortización, transformación y creación de plazas en la plantilla del año 2010 respecto a la del 2009 como pretendía la demanda.

*En la demanda se alude a modificaciones operadas en la RPT mas no consta que la misma hubiera sido impugnada, al menos en el recurso de instancia, sino solo la plantilla que entendemos no afecta a las condiciones de trabajo a que se refiere el art. 37 EBEP por lo que se desestima la pretensión”.*

**4.-** *A aplicación do anterior ao presente suposto determina que a aprobación definitiva do expediente de modificación do cadro de persoal polo Pleno deste Concello:*

*(i) é unha manifestación das súas potestades de organización; e*

*(ii) non é unha materia que debía ser obxecto de negociación obrigatoria co sindicato recorrente consonte ao artigo 37.2 do EBEP.*

*Asemade, debe sinalarse que o recorrido é unha modificación do cadro de persoal na que non se fixan condicións de traballo de ningún tipo. Tales condicións son parte da RPT do Concello, que neste caso non foi modificada en ningún momento dende a súa aprobación.*

*Polo tanto, non era obrigatorio para este Concello negociar co sindicato recorrente a modificación do cadro de persoal funcionario desta Administración.*

**5.-** *A maior abastanza, debe destacarse que o propio representante sindical do persoal funcionario deste Concello solicitou expresamente, en escrito de data 29 de xaneiro de 2013, o reforzo do cadro de persoal funcionario coa fin de poder garantir o cumprimento da normativa vixente que afectaba á area de xestión económica do Concello (achégase como **anexo** copia da solicitude do representante do CSF-I neste Concello).*

*Á vista dos anteriores antecedentes e alicerces xurídicos expostos, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, propón ao Pleno do Concello de San Sadurniño o debate e adopción do seguinte*

#### **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** *Desestimar o recurso de reposición interposto por José Ramón Villalibre Fernandez en nome e representación da Unión Provincial da Coruña da Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSI-F) contra a aprobación definitiva do expediente de modificación do cadro de persoal funcionario do Concello de San Sadurniño iniciado por acordo do seu pleno de 11 de agosto de 2016, con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello o 4 de novembro de 2016 (registro de entrada 1999)*

**SEGUNDO.-** *Notificar o anterior acordo á Unión Provincial da Coruña da Central Sindical Independiente y de Funcionarios, con advertencia dos recursos procedentes que poderá interpor contra el.”*

O asunto comprendido no presente punto da Orde do Día non foi ditaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos nove membros presentes do Pleno do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

O Sr. Soto explica que o recurso diríxese contra o acordo plenario de creación da praza de que se trata, pero a lei non esixe consulta previa cuando se trata de postos en interinidade.

O Sr. Lourido maifesta a súa extrañeza porque un sindicato recorra contra a creación dun posto de traballo, e di que non coñecendo en detalle o tema, absterase na votación.

O Sr. Romero comeza protestando pola hora da convocatoria, que impediu a asistencia da concelleira Silvia Fernández por un problema de turnos laborais, e solicita que os plenos se convoquen pola tarde. En canto á praza de que se trata, entende que é necesaria e que foi solicitada polo persoal municipal, pero hai unhas normas que se deben cumprir, polo que solicita que se corrixa o expediente realizando a consulta que non se fixo no seu momento, porque do contrario o recurso prosperará, a xustiza anulará ese expediente e haberá que tramitalo de novo. Por conseguinte, o seu voto será contrario ó rexeitamento do recurso.

Interven o Sr. Alcalde para sinalar a contradicción de que que este sindicato recorra a creación dunha praza que tiña solicitada o seu representante no Concello, e reiterar que o artigo 27 do EBEP non esixe consulta previa neste suposto e que o expediente tramitouse con absoluta transparencia e non afecta ós restantes postos de traballo, senon que se trata dun apoio previsto pola lei. Di tamén que a praza é necesaria e urxente e que este recurso pode ter unha motivación política. En canto á hora da convocatoria do pleno, di que se trataba de asuntos de trámite, que sinte que algunha persoa da Corporación non podese vir, pero lembra que os representantes públicos teñen dereito a ter libre o tempo necesario para asistir a estes actos. Remata insistindo en que esta sesión limitábase a resolver asuntos de trámite con escasa trascendencia.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con dous votos contrarios, dos concelleiros presentes do PP, acorda a desestimación do recurso de que se trata, aprobando a tal finalidade a proposta da Alcaldía.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as trece horas e trinta e un minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,